

Obviou orgullo, orde, organización. Ofreceuse orgánica e oral. Obrou oblícua e ousada, ordenou o orificio oxival coa obscena ortodoxia da orixe. Obsequioulle a ortografía do oculto, os outeiros do ourego, orografía óptima e ocular, sen obstáculos. O outro, opoñente de oficio, ostentou o obelisco, olfateou os óleos e obrigouse obcecado e oftálmico. Oportuna e onisciente, orou no oído del coma ourive ou oráculo, oprimiulle a osamenta e oscilou, obsesiva e obtusa, orientándose en obstinadas ondas. Operou ocorrente e omnívora, omnipresente e oval, ourizada de ósculos. Onerosa, ocupou o osíxeno, esqueceu a onomástica, obxectivou a ósmose e obnubilouse na orxía orbital e olímpica. Ouleou, ouveou, orientou o orgasmo ata a ovación opulenta e orquestral da orbe e obtivo o ouropel do orballo orlado de orquídeas nos oasis do onírico, no oco oceánico. Logo observouno e ollouno oufano, ocioso, omiso, orfo; opúsculo do ocaso.



[Francisco X. Fernández Naval)